

BASES DO SORTEO DE VALES DE COMBUSTIBLE, LAVADOS, LIMPEZAS E CEAS PERANTE A CELEBRACIÓN DO 6º SALÓN DO VEHÍCULO DE OCASIÓN.

PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN

O sorteo levarase a cabo no Concello da Estrada.

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO

Promoción e divulgación do 6º Salón do Vehículo de Ocasión, a través do sorteo de dezaseis vales de combustibles, quince vales de lavado, dez vales de limpeza de vehículo e tres ceas para dúas persoas entre todos os asistentes ao certame.

Emprégase este reclamo publicitario para incentivar e incrementar a visita ao recinto feiral, a fin de secundar este certame de promoción económica.

A campaña desenvolverase dende o 10 ao 12 de Xuño de 2022, ambos inclusive.

TERCEIRA.- FIRMAS PATROCINADORAS

SBC Gasolineras: 5 vales de combustible por importe de 20€ cada un e un lavado túnel con cada vale.

Estación de Servicio Strada: 2 Vales de combustible por importe de 50€ cada vale, 5 vales de combustible por importe de 30€ e 10 vales de limpeza e lavado do vehículo.

Estación de Servicio Punte Liñares: 4 vales de combustible/ou limpeza do vehículo por importe de 25€ cada un.

O Asador de Leo: 3 Ceas para dúas persoas.

CUARTA.- SORTEO

O sorteo dos vales de combustible, lavados, limpeza e ceas, levarase a cabo no pavillón nº. 5, os días 10, 11 e 12 de Xuño de 2022, as 20.00 horas e da seguinte forma:

10 de Xuño: 5 Vales de combustible por importe de 20€ e cinco lavados por xentileza de SBC Gasolineras. 1 cea para dúas persoas por xentileza do "Asador de Leo".

11 de Xuño: 4 vales de combustible por importe de 25€ cada un por xentileza de Estación de Servicio Punte Liñares e unha cea para dúas persoas patrocinada polo "O Asador de Leo".

12 de Xuño: 2 Vales de combustible por importe de 50€ cada un, 5 vales de combustible por importe de 30€ cada un, 10 vales de limpeza e lavado do vehículo

por xentileza de Estación de Servicio Strada. 1 cea para dúas persoas patrocinada polo “O Asador de Leo”.

Os sorteos serán públicos e realizarase unha vez peche o evento (20 horas). As credenciais dos vales e das ceas serán entregadas única e exclusivamente aos/as afortunados/as.

A entrada ao recinto costará 2€ (Válida para todos os días) e dará dereito a participar neste sorteo. As entradas expediránse no acceso único da Feira (Pavillón 3), a todos/as visitantes con idade superior aos doce anos.

Non se contempla a posibilidade de que unha mesma persoa poida optar a mais dun premio polo que, de repetirse o nome do/a agraciado/a, procederase a anular a papeleta e a extraer unha nova.

QUINTA.- PUBLICACIÓN DOS/AS GAÑADORES/AS E COMUNICACIÓN DO PREMIO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, poñeráse en contacto cos/as gañadores/as vía telefónica, tendo estes/as un prazo de cinco días para retirar a credencial de gañador/a.

SEXTA.- ENTREGA DOS VALES OBSEQUIO

A entrega efectuarase nas oficiñas da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. Os/as gañadores/as, deberán acreditarse a través da presentación de NIF/CIF.

No caso de que os/as gañadores/as non recollan o vale antes de cinco días naturais, perderán automaticamente o seu dereito ao premio.

Os/as gañadores/as autorizan á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada a reproducir e empregar o seu nome, apelidos e imaxe, en calquera actividade pública e promocional, relacionada co sorteo no que resultou gañador/a, sen que esta utilización confíralle dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega da credencial do vale en cuestión.

SETIMA.- PRAZO PARA FACER EFECTIVOS OS VALES.

O prazo para facer efectivos os vales e as ceas queda supeditado ao indicado nos mesmos pólas firmas patrocinadoras.

OITAVA.- PARTICIPACIÓN

A participación neste sorteo, implica a aceptación sen reservas destas bases e as decisións da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente sorteo.

NOVENA.- CESION DO PREMIO

O premio do presente sorteo, en ningún caso poderá ser obxecto de cesión, alteración ou compensación a petición do/a gañador/a.

DÉCIMA.- VERACIDADE DOS DATOS

Os datos facilitados polo participante deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, o premio en cuestión quedará deserto.

UNDÉCIMA.- RECLAMACIÓNS

O período de reclamacións sobre o sorteo finalizará transcorridos cinco (5) días naturais contados a partir do 12 de Xuño.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DE BASES E SUSPENSIÓN DO SORTEO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo en calquera momento anterior ao comezo do mesmo, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.

DÉCIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADES ALLEAS

En ningún caso a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada será responsable dos servizos prestados aos/ás gañadores/as.

A responsabilidade da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do sorteo segundo se atopa contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo; fóra do anterior, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada non responderá fronte a calesqueira tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co sorteo, a condición de agraciado/a ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega.

DECIMOCUARTA.- DEPÓSITO

As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina web da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada www.feiradomoble.gal

DECIMOQUINTA.- XURISDICION

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.